

A N U N C I O

Non téndose formulado reclamacións contra o acordo plenario do 20-3-12 de aprobación provisional da modificación das taxas da escola infantil municipal para adaptala a normativa da Xunta de Galicia, Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, elévase o acordo a definitivo cuido texto íntegro é o seguinte:

“O Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar establece as cotas de escolaridade e de comida dependendo do IPREM do ano en curso segundo a renda per capita mensual da unidade familiar.

O prezo pola atención educativa fíxase en 160 euros mensuais en xornada completa.

O prezo por servizo de comedores fíxase en 70 euros mensuais.

Sobre estes dous servizos aplicaranse as reducións correspondentes segundo os tramos de renda per capita da unidade familiar.

RENDA/PER CÁPITA	ATENCIÓN EDUCATIVA	COMIDA	TOTAL
Rendas inferiores ao 30% do IPREM	0,00	0,00	0,00
Entre o 30 e inferiores ao 50% do IPREM	0,00	16,50	16,50
Entre 50 e inferiores ao 75% do IPREM	33,00	16,50	49,50
Entre o 75 e inferiores ao 100% do IPREM	66,00	25,00	91,00
Entre o 100 e inferiores ao 125% do IPREM	106,00	35,00	141,00
Entre o 125 e inferiores ao 150% do IPREM	126,00	50,00	176,00
Entre 150 e o 200% do IPREM	139,00	60,00	199,00
Superiores ao 200% do IPREM	160,00	70,00	230,00

Cando o alumno teña solicitada e concedida unha praza de media xornada o prezo pola atención educativa reducirase nun 50%.

DESCONTOS

- Familias numerosas, descontos dun 20%
- Familias monoparentais, desconto dun 20%
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20%.

Para a aplicación dos descontos terase en conta as circunstancias concurrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coa declaración do IRPF.

Non están suxeitos a ningunha redución

- O prezo por comedor por días soltos será de 4 euros diarios.
- Horario ampliado: o prezo de cada hora mensual que se incremente o horario será de 20 euros.

Con data 28 de decembro de 2011, o Concello de Pontearreas publicou no BOPDEPO a TAXA DA ORDENANZA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, na que estaban incluídos o servizo de merenda suxeito a redución sen estar subvencionado, se recomenda aprobar o servizo de merenda sen redución algunha coma outros servizos:

OUTROS SERVIZOS

Merenda: o prezo deste servizo é de 20 euros mensuais. Cando se utilice este servizo de forma esporádica, pagarase 1,50 euros por día e neno.

Poderase modificar a taxa, establecida segundo a renda per cápita conforme á declaración do IRPF, cando se produza unha variación superior ao 20% na situación actual da familia, apreciada na documentación laboral que acredite este extremo, fronte a declarada na solicitude de praza”

**RECURSOS**

Contra as presentes disposicións os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Ponteareas, a 28 de xuño de 2012. — O Alcalde, Salvador González Solla.

2012006700

A N U N C I O

Non tendose formulado reclamacións contra o acordo de aprobación provisional polo Pleno da Corporación Municipal do 20-03-2012, sobre a modificación da ordenanza reguladora da taxa polo servizo de prevención de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos, salvamentos ou fundamentos totais ou parciais de construcións, que afectan a diversos artigos de dita ordenanza, elévase o acordo a definitivo cuxo texto íntegro son os seguintes:

No artigo 2º, o punto 1, queda redactado como sigue: “ Son Suxeitos pasivos das taxas en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, tal como reflicte o artigo 35.4 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais.”

No artigo 2º, o apartado 2, queda redactado como sigue: “Nas taxas establecidas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubes, salvamentos e en xeral de protección de persoas e bens, correspondendo tamén o mantemento do servizo, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.”

No artigo 2º, o apartado 3, queda redactado como sigue: “Nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten ós ocupantes de vivendas ou locais, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, os cales poden repercutir, no seu caso, nas cotas sobre os respectivos beneficiarios.”

No artigo 4º, onde di “anuais” debe dicir “mensuais”. Engádese a máis un segundo parágrafo que di “para facer efectiva a exención, será preciso acompañala solicitude dun informe dos servizos sociais do Concello.”

No artigo 5º queda redactado do seguinte xeito:

“A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo invertido en este e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

PERSOAL

- Por cada Peón Especialista, por hora ou fracción: 30,00 euros.
- Por cada condutor de vehículo, por hora ou fracción: 35,00 euros
- Por cada auxiliar de vehículo, por hora ou fracción: 30,00 euros.
- Polo xefe de protección civil, por hora ou fracción 35,00 euros.
- Por outro persoal adscrito de xeito circunstancial á prestación do servizo, por hora ou fracción: 30,00 euros.

MATERIAL

- Por cada vehículo, por hora ou fracción: 50,00 euros.
- Por cada auto bomba, por hora ou fracción: 140,00 euros